

Libros electrónicos

O termo de libro electrónico aúna dous conceptos: o e-reader e o e-text, o cal está creando certas demoras na súa implementación. Triunfou nas obras de referencia e nas materias que van crescendo co tempo, como a informática.

A Biblioteca da UDC conta cunha ampla colección de libros electrónicos de pago que inclúe obras de referencia e coleccións temáticas e multidisciplinares.

Dentro das **obras de referencia** están incluídas:

- **Enciclopedias xerais** como a Enciclopedia Multimedia Durvan, a Espasa Universal ou Mienciclo Hispánica Universal; e **enciclopedias específicas** como a Blackwell Encyclopedia of Sociology ou a International Encyclopedia of Communication.
- **Dicionarios de idiomas** como o Dicionario Slabý/Grossmann español-alemán ou o Oxford English Dictionary; e **dicionarios temáticos** como o Palgrave Dictionary of Economics.

Por outra parte, nas **coleccións multidisciplinares** temos a Ebook Collection de EbscoHost, a colección Cátedra de E-libro e Wiley Online Library; e nas **coleccións temáticas** temos a ACM Digital Library, de informática; a AMS, de matemáticas; a IEEE Xplore, de enxeñaría eléctrica e electrónica; LION, de literatura; Springer de Economía e Empresa; Digital Tutors, de ciencias da comunicación; ou Elsevier ScienceDirect eBooks de ciencia e tecnoloxía.

En ambos casos inclúense guías e tutoriais de axuda para o uso destes recursos.

Ademáis desta páxina, pódese acceder a listaxe completa de e-books a través de [Pórtico](#), portal de acceso aos recursos electrónicos dos que dispón a biblioteca da UDC.

A maiores destas coleccións, a biblioteca soe contratar algúns recursos baixo a modalidade de **periodos de proba**, para coñecer os títulos máis utilizados polos usuarios e así poder seleccionar entre os miles de títulos que se ofertan, moitas veces difíciles de xestionar.